

Lei 1/1990, do 27 de abril, sobre a concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Xunta de Galicia e dun crédito extraordinario por un importe total de mil oitocentos cincuenta millóns de pesetas (1.850.000.000 de ptas.) ó presuposto de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia de 1989, prorrogado para 1990, para o aboamento dunha paga, non consolidable para exercicios futuros, que compense ó citado persoal da perda de poder adquisitivo experimentada en 1989

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 13, do 21.3.1990.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 9, do 27.3.1990; BOPG núm. 17, do 31.3.1990.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 11, do 17.4.1990.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 23, do 26.4.1990.

Diario Oficial de Galicia núm. 83, do 30.4.1990.

Boletín Oficial del Estado núm. 125, do 25.5.1990.

Lei 1/1990, do 27 de abril, sobre a concesión dunha paga ó persoal ó servicio da Xunta de Galicia e dun crédito extraordinario por un importe total de mil oitocentos cincuenta millóns de pesetas (1.850.000.000 de ptas.) ó presuposto de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia de 1989, prorrogado para 1990, para o aboamento dunha paga, non consolidable para exercicios futuros, que compense ó citado persoal da perda de poder adquisitivo experimentada en 1989

O Real decreto-lei 1/1990, do 2 de febreiro, sobre a concesión, con carácter excepcional, dunha paga ó persoal ó servicio da Administración pública, establece no seu artigo 1.º que o persoal funcionario, estatutario e laboral ó servicio da Administración do Estado que estivo en servicio activo durante todo o exercicio de 1989 percibirá unha paga única de 52.525 pesetas íntegras, co fin de compensalo pola perda de poder adquisitivo producida pola diferenza existente entre a inflación real e os incrementos de carácter xeral incorporados ás retribucións contempladas nos presupostos xerais do Estado.

O punto 2.º do dito artigo determina que se o tempo de servicios prestados durante 1989 foi inferior ó ano ou se realizou unha xornada inferior á normal o importe da paga se reducirá proporcionalmente.

Considerando a conveniencia de estende-la aplicación de tales medidas ó persoal ó servicio da

Administración da Comunidade Autónoma, tendo en conta a súa urxencia e considerando o tempo que previsiblemente transcorrerá ata a aprobación dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1990, a Consellería de Economía e Facenda, en virtude do previsto no artigo 19 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1989, prorrogada para 1990 polo Decreto 284/1989, do 28 de decembro, e ó abeiro do artigo 47 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia, ante a inexistencia de crédito adecuado para o efecto, promoveu un expediente para a concesión dos necesarios créditos extraordinarios.

De acordo co previsto no artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 24 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, sanciono e promulgo, en nome de El-Rei, a Lei sobre a concesión dunha

paga ó persoal ó servicio da Xunta de Galicia e dun crédito extraordinario por un importe total de mil oitocentos cincuenta millóns de pesetas (1.850.000.000 de ptas.) ó presuposto de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia de 1989, prorrogado para 1990, para o aboamento dunha paga, non consolidable para exercicios futuros, que compense ó citado persoal da perda de poder adquisitivo experimentada en 1989.

Artigo 1

1. Aboaráselle unha paga única de 52.525 pesetas íntegras ó persoal ó servicio da Xunta de Galicia, que a seguir se detalla, que estivese en servicio activo durante todo o exercicio de 1989:

a) Funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, dos seus organismos autónomos e das universidades de competencia da Comunidade Autónoma, incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

b) Persoal laboral das entidades e dos organismos enumerados no artigo 16 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1989.

c) Funcionarios interinos, en prácticas e eventuais, persoal contratado e demais persoal non incluído nas letras anteriores pero abranguido no ámbito de aplicación dos artigos 8, 13.2 e disposi-

cións transitorias primeira e segunda da Lei 13/1988, do 30 de decembro.

2. Os complementos persoais e transitorios que poida ter recoñecidos o persoal ó que se refire este artigo non serán absorbidos pola paga establecida nel.

3. Se o tempo de servicios prestados durante 1989 foi inferior ó ano ou se realizou unha xornada inferior á normal, o importe da paga reducirase proporcionalmente.

Artigo 2. Crédito extraordinario.

1. Concédese un crédito extraordinario ó vixente presuposto de gastos da Comunidade Autónoma por un importe de mil oitocentos cincuenta millóns de pesetas (1.850.000.000 de ptas.) na sección 05, «Consellería de Economía e Facenda», servicio 07, «Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro», programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», concepto 121, «Para atende-la paga prevista na Lei 1/1990», que terá o carácter de ampliable, ata o importe das obrigas que efectivamente se recoñezan no presente exercicio económico, ó abeiro do previsto nesta lei.

2. Aqueles órganos da Xunta que dispoñan de crédito suficiente no seu presuposto de gastos, unha vez deducidas as obrigas do persoal do presente exercicio, financiarán o custo da paga con cargo ó seu propio presuposto; así mesmo, os organismos autónomos que dis-

poñan de financiamento suficiente atenderán con cargo a el o custo da devandita paga, logo de habilitaren o crédito necesario.

3. O dito crédito extraordinario financiarase a través do incremento que se produza no cálculo do gasto equivalente de 1990 na liquidación definitiva da participación da Comunidade Autónoma.

Artigo 3

A Consellería de Economía e Facenda poderá autorizar as transferencias necesarias desde o con-

cepto 05.07.531B.121 ás seccións e organismos autónomos que deban facer efectiva a mencionada retribución.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 1990

Manuel Fraga Iribarne
Presidente